

# MAIS QUE NUNCA, NUNCA MÁIS

>>> colabora economicamente coa Plataforma Nunca Máis

## datos persoais

apelidos	nome
enderozo	
localidade	C.P.
concello	provincia
email	teléfono

## domiciliación bancaria

Quen asina,  autoriza ao banco/caixa abaixo citado a descontarlle TRIMESTRALMENTE a cantidade de  18€  36€  Outros:  € en concepto de colaboración coa Plataforma cidadá Nunca Máis

Número de conta:

Banco/Caixa:

Data:  Asinado:

Os datos facilitados teñen carácter confidencial e só serán utilizados para contactar e enviar información da Plataforma cidadá Nunca Máis.

Enviar por correo ordinario á Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10, 3º C.P. 15703, Santiago de Compostela, ou ao noso enderezo electrónico [contacto@plataformanuncamais.org](mailto:contacto@plataformanuncamais.org) ou por fax ao 981 57 10 82

QUEREMOS  
A VERDADE  
ESIXIMOS  
SOLUCIÓNS



[www.plataformanuncamais.org](http://www.plataformanuncamais.org)



# QUEREMOS A VERDADE E SIXIMOS SOLUCIONS

Cando nos achegamos aos mil días da catástrofe ambiental do 'Prestige', os nosos gobernantes volven a burlar a vontade popular de coñecer a verdade do acontecido e de avanzar na procura de solucións aos efectos da maré negra, así como de establecer medidas de carácter preventivo que minimicen o risco real dunha nova catástrofe.

O adianto electoral a xuño propugnado polo aínda presidente da Xunta e polo PP imposibilita que a Comisión Prestige do Parlamento galego -aínda finalizados os seus traballos- emita as súas conclusións, para o coñecemento do conxunto da sociedade galega. Sociedade galega que desde o primeiro momento da catástrofe demandou dos poderes públicos unha investigación seria e rigorosa que sacase á luz pública todos os pormenores do sucedido na xestión do accidente do petroleiro

Prestige.

Con total impunidade a verdade da catástrofe volve a ser ocultada a ollos dos galegos e galegas.

**Sen lugar a dúbidas, o desenvolvemento da Comisión Prestige do Parlamento galego é unha das “razóns ocultas” manexadas polo Partido Popular e o seu presidente para adiantar os comicios autonómicos.**

A variedade de testemuños críticos coa actuación dos Gobernos central e autonómico habidos na Comisión (de científicos, xentes do sector, especialistas en seguridade marítima, etc.) foi abrumadora. Críticas que se dirixían a sinalar, entre outros aspectos, os seguintes:

-a inexistencia de prevención, malia o historial de catástrofes similares nas nosas costas e o alto risco que

padecemos;

-a descoordinación existente no momento da catástrofe (sen a implementación dun plan de continxencias);

-a falta de medios materiais, técnicos e humanos, á hora de enfrontar un accidente por vertido de hidrocarburos;

-a toma de decisións erróneas, por primar criterios políticos sobre os criterios técnicos e científicos;

-a estratexia de manipulación informativa emprendida polo Goberno central e a Xunta de Galiza;

-a minimización dos efectos da maré negra, na que aínda hoxe se segue a teimar desde a Xunta;

-a irresponsabilidade de seguir a manter, por parte da administración autonómica, que “volverían a facer o mesmo”...

Ademais, ao quedar inconclusa a Comisión Prestige, tamén se furta a posibilidade de aprobar toda unha serie de actuacións e de recomendacións que debían ter estes tres fins fundamentais:

1º) Paliar a afectación por contaminación mariña do noso litoral.

2º) Garantir a actividade produtiva presente e futura do sector vinculado ás actividades do mar.

3º) Avanzar na protección das nosas costas, tanto de xeito preventivo como en actuacións de carácter paliativo.

'Nunca Máis', na súa comparecencia na Comisión Prestige, alertaba de que xa “comezou a conta atrás para a próxima maré negra”. Só a irresponsabilidade dos nosos gobernantes pode explicar que aínda non se tomasen medidas serias e efectivas que eviten futuras catástrofes, pasados xa dous anos e medio do afundimento do Prestige.

## Extractos de declaracións de comparecentes na Comisión Prestige do Parlamento galego

*“Un terzo do fuel derramado, é dicir, unhas 20.000 toneladas de vertido atópanse sen recoller. Onde están? Á deriva mariña, sedimentado en fondos, en cantís e arrecifes costeiros”*  
(Martíño Nercellas. Biólogo e coordinador de espazos naturais da Federación Ecoloxista Galega (FEG))

*“As condicións oceanográficas de correntes e ondaxe que existían na zona na data do accidente, provocaron a dispersión do fuel cara á costa, impactando sobre ela ao longo de moitos quilómetros”*  
(Federico Vilas Martín. Catedrático de Estratigrafía do Dpto. de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio da Universidade de Vigo. Secretario da Comisión de Coordinación de Vertidos Mariños)

*“A situación que vivimos na actualidade demanda unha resposta clara da Administración, tanto no terreo económico, sufragando as perdas que están a experimentar os mariñeiros e mariscadoras -coa baixada da produción e a persistencia da merma de poboacións-, como coa posta en marcha de medidas de recuperación dos recursos pesqueiros e marisqueiros”*  
(Pablo Villar. Xerente da Confraría de Pescadores de Cangas. Membro Coordinadora de Confrarías danadas polo Prestige)

*“Por moi elevada e/ou prodixiosa que sexa a capacidade de recuperación do medio mariño galego o rosario de catástrofes sucesivas aminora a súa potencialidade produtiva e implica indiscutibelmente danos económicos prolongados no tempo”*  
(Mª do Carme García Negro. Profesora Titular de Economía Aplicada. Directora do Equipo de Investigación de Economía Pesqueira da Universidade de Santiago de Compostela)

*“Na loita contra a contaminación, canto máis illada e concentrada estea a fonte contaminante máis eficaces son as medidas que se aplican. Unha vez danada unha parte do litoral, por que estender o dano por toda a fachada Atlántica peninsular?”*  
(Fiz Fernández Pérez. Profesor de Investigación. Departamento de Oceanografía. Instituto de Investigacións Mariñas. (CSIC). Observador nas campañas Prestinaut do batiscafo Nautille. Foi membro do Comité Científico Asesor para o Prestige)

*“Hai culpábeis por acción e omisión dentro do Plan de Continxencias”*  
(Antón Salgado. Oficial radioelectrónico da Mariña Mercante. Ex secretario xeral da Asociación Internacional de Oficiais Radioelectrónicos)

*“Nós estamos moi orgullosos de ter defendido as rías e de ter sorte cos ventos, para que non pasara a desgraza a que estabamos condenados de antemán, pero iso é unha cousa e outra ben distinta é seguir alimentando este tipo de actuacións terciromundistas”*  
(Francisco Iglesias. Patrón Maior da Confraría do Grove. Membro da Coordinadora de Confrarías Danadas polo Prestige)

*“A decisión de afastar o Prestige foi precipitada, errónea e inadecuada; sen base técnica nin científica e sen avaliar danos, riscos ou alternativas. Só se pretendía afastar o problema sen ter en conta as consecuencias”*  
(Felipe Louzán Lago. Capitán da Mariña Mercante. Excapitán de petroleiros. Profesor da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas da Universidade da Coruña.)

*“O Prestige está a ter repercusións desastrosas, houbo gastos por esta catástrofe que non se puideron rendibilizar”*  
(Ramón Dios. Presidente do Consello Regulador do Mexillón)

*“Sabíamos que o Prestige podía acontecer e como as cousas non están resoltas continúan en risco vidas e territorios”*  
(Rafael Lobeto Lobo. Avogado Maritimista. Ex Director Xeral da Mariña Mercante)

*“É preciso dotármolos de medios para loitar contra a contaminación mariña no mar para evitar a chegada á costa do fuel e tentar minimizar os efectos do vertido no mar”*  
(Ricardo Beiras García-Sabell. Profesor de Contaminación Mariña do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal da Universidade de Vigo)

*“Os científicos galegos fomos desprezados e sufrimos a censura, os nosos estudos e traballos foron silenciados”*  
(Juan José González Fernández. Coordinador do Programa de Contaminación do Instituto Español de Oceanografía (IEO))